


# 4as telleiras

Eran instalacións adicadas á elaboración de tellas, ladrillos e outros elementos de construcción usando como materia prima a arxila. O nome aplicábase tanto ao edificio como ao conxunto da instalación.

As instalacións dunha telleira estaban formadas polo edificio da propia telleira, da que o núcleo era o forno, a eira, as pías e as casetas.

As telleiras situadas na beiramar contaban tamén con embarcadoiros.

## PARTES DUNHA TELLEIRA





O remate dos fornos podía estar pechado cunha cúpula ou unha cheminea, nas que se practicaban uns "ventanucos" para vixiar a cocción; ou estar cubertas cun tellado móvil, feito cunha estrutura de madeira e tellas, que se desmontaba no momento da cocción, ou un tellado fixo elevado sobre uns esteos de pedra. As telleiras de cuberta en cúpula levaban un tiro subterráneo conectado a unha cheminea situada a unha certa distancia.

## O FORNO



Era o elemento central da telleira. Xeralmente de forma prismática ou tronco-piramidal cunha parte soterrada. As paredes exteriores eran de pedra, más grosas na base e más estreitas na parte superior co interior recuberto de material refractario: a **vestidura**.

O interior estaba dividido en dúas partes: o forno ou cámara de cocción e a caldaea ou cámara de combustión, separadas pola rede.



Detalle da vestidura interior do forno.

**O FORNO ou CÁMARA DE COCCIÓN** estaba separado da caldeira pola rede e comunicado co exterior por dúas portas. A **porta de encañar** empregábase para cargar o forno e comunicaba co interior do pallete. A de desencañar estaba sempre pechada con ladrillo e abríase só para descargar o forno despois da cocción.




Interior do forno e rede.

**A CALDEIRA ou CÁMARA DE COMBUSTIÓN** estaba situada por baixo do nivel do chan. Tiña una boca de pequenas dimensións pola que se alimentaba e se retiraba a boralla.



Exterior do forno con escala para subir a vixiar a cocción.



Forno cuberto con cúpula.

Forno con tellado móvil.

Forno cuberto con cheminea.